

## ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 19 DE DECEMBRO DE 2019

### **Asistentes:**

#### **Presidenta**

Reboreda Morillo, Susana

#### **Secretaria**

Cadilla Lomba, Josefina T.

#### **PDI**

Barriocanal López, Yolanda

Castro Pérez, Ladislado

Comendador Rey, Beatriz

Pérez Losada, Fermín

Prada Rodríguez, Julio

Rodríguez Teijeiro, Domingo

Vaquero Díaz, María Beatriz

#### **PDI contratado**

Campos Álvarez, Xosé Ramón

Presedo Garazo, Antonio

#### **Estudantes**

Casanova Cudeiro, Manuel

Herrero López, Yoguesvar

Lozano Ramírez, Amado Tierra

#### **PAS**

Rodríguez Bouzas, Josefa

### **Desculpan a súa ausencia**

#### **PDI**

López Díaz, María

Na sala de profesorado da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnense os membros da Xunta de Facultade que figuran á marxe, o xoves 19 de decembro de 2019, ás 13.30 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 4 de decembro de 2019.
- 2.- Informe da presidenta
- 3.- Aprobación, se procede, das solicitudes de quinquenios presentadas polo profesorado.
- 4.- Rolda de intervencións.

### **1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 4 de decembro de 2019.**

A decana explica que a profesora María López, a través dun correo electrónico, manifestou que na xuntanza ordinaria do día 4 de decembro, a pesar de disculpar a súa ausencia por baixa médica, non consta na referida acta. Tanto a secretaria como a decana indicáronlle que entendían que coa baixa médica non era necesario disculpar ausencia. Realizouse a consulta a Secretaría Xeral e indicáronnos que a baixa médica imposibilita a unha persoa para a súa actividade profesional pero non para asistir ás xuntanzas do centro. Por ese a desculpa debe de constar na acta. Cuestión aparte será o tema, e a repercusión que pode ter o feito de que unha persoa desculpe ou non ausencia ás distintas xuntas ou comisións. En relación ao VAD, é dicir se a excusa debe recoñecerse nese contexto como asistencia, acaba de cursarse a solicitude de información á Área de Calidade.

Realízase a modificación indicada, e apróbase a acta por asentimento.

## 2.- Informe da presidenta.

Comeza informando sobre os Graos Abertos que se van a ofertar no vindeiro curso por parte da Universidade de Vigo, indicando que na Facultade de Historia non se cumpren os requisitos. Deben ser tres títulos da mesma área de coñecemento, ubicados no mesmo campus e que oferten materias con posibilidade de recoñecemento entre si. O obxectivo é que o alumnado con dúbidas, coñeza os tres títulos, antes de decidirse por un deles e reducir as taxas de abandono. Non contarán como alumnado de primeira matrícula e o número de créditos máximo superado son 90. Agora estase a ver que centros están interesados en adherirse, o prazo remata o día 20 de decembro. A iniciativa parte da Xunta de Galicia.

A profesora Beatriz Comendador pensa que pode haber moitos problemas de organización académica; pon como exemplo a problemática das titulacións interuniversitarias, que funcionan a base de moito esforzo porque non contan con plataformas de xestión académica e administrativa conxunta. Intervenén tamén para dar a súa opinión representantes do alumnado e do profesorado.

A decana explica que o que se precisa é moita titorización e que evidentemente supón un importante esforzo a nivel académico e administrativo, pero que en universidades punteiras como a Pompeu Fabra ou a Carlos III está xa funcionando con éxito.

Pásase a tratar a convocatoria da Xunta de Galicia sobre o selo de excelencia para os Mestrados, que acadarán un total de cinco no SUG. Realizouse aos centros unha petición para que enviaran as súas propostas, un dos requisitos é que en anos consecutivos se cubriaran as prazas. O coordinador do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural entende que o citado mestrado cumpre cos requisitos. A profesora Beatriz Comendador ofrécese para traballar esta mesma tarde co coordinador na proposta.

Está nestes momentos en fase de estudo a posta en marcha do novo título do Grao en Relacións Internacionais a impartir entre a Universidade de Vigo (Campus de Ourense) e a Universidade da Coruña (Campus de Ferrol) no que están a traballar os equipos reitorais das dúas universidades. Os centros implicados son a Facultade de Dereito, a de Ciencias Empresariais e Turismo, e a de Historia. Nestes momentos descoñécese a qué centro estará adscrito. Por ese motivo, solicita aos presentes interesados que realicen un escrito xustificando a súa inclusión, como por exemplo área de Historia Contemporánea. A profesora Beatriz Comendador explica que toda a temática relativa a patrimónios en conflito tería cabida na titulación, polo

tanto a súa proposta é que sexa Historia en xeral e non unha área en particular. O profesor Antonio Presedo considera que evidentemente a presenza da Historia é fundamental nesta titulación.

A decana comenta que aínda que ela fixo alusións á área de Historia Contemporánea, as áreas de coñecemento ou temáticas interesadas realicen un escrito xustificativo, o envíen ao Decanato da Facultade e remitírase á vicerreitoría de profesorado.

### **3.- Aprobación, se procede, das solicitudes de quinquenios presentadas polo profesorado.**

Presentaron solicitude de informe sobre a avaliación da actividade docente os profesores Julio Prada Rodríguez, Fermín Pérez Losada e Rosa María Ricoy Casas.

Apróbanse por asentimento.

### **4.- Rolda de intervencións.**

A decana felicita ao representante do alumnado Manuel Casanova, que acaba de aprobar as oposicións a policía nacional, especializado en vítimas de violencia de xénero. O alumno agradece a felicitación, e indica que seguirá vinculado á facultade a través da modalidade semipresencial.

A profesora Beatriz Comendador, pide a palabra para falar das 1ª Xornadas de difusión das liñas estratéxicas do GEEAT, organizadas polo Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio, que se realizarán o día 9 de xaneiro e estarán abertas ao público en xeral.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14.15 h do día 19 de decembro de 2019, da que eu como secretaria, dou fe co visto e praxe da decana.

A decana  
Asinado dixitalmente  
Susana Reboreda Morillo

A secretaria  
Asinado dixitalmente  
Josefina Cadilla Lomba